



Unha delegación galega formada por 6 deportistas con discapacidade intelectual, (usuarios do Centro Ricardo Baró, ASPRONAGA), e 3 monitores, representaron á Comunidade de Galicia nos Special Olympics 2016, que se celebraron en Reus (Tarragona). Historicamente, os usuarios do Centro Ricardo Baró veñen participando en todas as edicións dos Encontros Nacionais de Probas Motrices.

Os Xogos de Special Olympics - Reus 2016 acolleron a máis de 800 deportistas, ademais de 200 adestradores, 500 voluntarios e membros da organización, procedentes de numerosos puntos do territorio español, así como de dez países europeos, ademais de Marrocos e Shanghái. Os xogos contaron con seis modalidades deportivas: natación, baloncesto (feminino, masculino e unificado), tenis, pádel, ximnasia rítmica e probas motrices, unha modalidade deportiva exclusiva destes Xogos.

**:: Representación galega:** Jesús Campos Branco, José Francisco Díaz, José Jiménez, María Graciela Menéndez, José Antonio Viquendi e José Manuel Queiruga, foron os 6 deportistas que participaron nestes xogos acompañados polos seus monitores Olaya Pacín, Lucía Montalvo e Jorge Paz, xunto á Delegada Laura Aldrey. Os 6 participaron na modalidade de Probas

Motrices, deseñadas como Programa de adestramento para persoas cun nivel de discapacidade intelectual severo, que non lles permite beneficiarse dos Programas regulares de adestramento e competición de Special Olympics. Máis aló da competición, os deportistas puideron beneficiarse do programa de saúde exclusivo de Special Olympics, onde voluntarios clínicos realizaron revisións gratuítas.

**:: Fomento do deporte como elemento de integración:** A práctica de deporte mellora a autoestima e as habilidades sociais das persoas con discapacidade intelectual, fomentando o compañeirismo, a colaboración, o traballo en equipo, a súa autonomía persoal e a calidade de vida. Special Olympics Galicia traballa a través do deporte, ofrecendo un amplo programa deportivo ao longo dos doce meses para que os mozos e mozas poidan mellorar a súa autonomía e autoestima a través dun vehículo social tan importante como o deporte